



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Aprobación de ordenanza fiscal e modificación de ordenanzas fiscais e prezos públicos

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, en sesión do 4 de novembro de 2024, adoptou, entre outros, os acordos seguintes:

1º) Aprobar inicialmente as modificacións das Ordenanzas fiscais e de prezos públicos seguintes:

- Ordenanza fiscal nº1 reguladora do imposto sobre bens inmobles (IBI).
- Prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de subministro de auga e da súa ordenanza reguladora nº 6.
- Prestación patrimonial de carácter público non tributario pola rede de sumidoiros, acometidas á rede xeral, control e inspección de sumidoiros privados e da súa ordenanza reguladora nº 9.
- Ordenanza fiscal nº 27, reguladora da taxa polo aproveitamento especial do dominio público local por instalacións de transporte de enerxía eléctrica, auga, gas e hidrocarburos.
- Ordenanza n.º 36, reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Arteixo.
- Ordenanza número 37: “prezo público pola prestación do servizo nas instalacións acuáticas municipais.

2º) Aprobación inicial e imposición da taxa pola prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais do concello de Arteixo e aprobación provisional da súa ordenanza fiscal reguladora nº 14.

3º) Proceder á exposición pública por un prazo de trinta días, mediante inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no diario “La Voz de Galicia”, así como no taboleiro de edictos do Concello e na sede electrónica do Concello de Arteixo. O prazo citado comezará a contar a partir da derradeira das publicacións realizadas.

Durante este período, tódolos interesados poderán examinar o expediente e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas.

Rematada a exposición pública, a Corporación resolverá as reclamacións que foran presentadas. Se tales reclamacións non se tiveran producido, o texto ata entón provisional, entenderase definitivamente aprobado, procedéndose á publicación do texto integro da modificación das ordenanzas citadas.

Arteixo a 4 de novembro de 2024

Asina dixitalmente na data do documento electrónico: Emilio Maceiras López.

(Concelleiro de Economía e Facenda)

2024/7753